

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 21 de novembro de 2016

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. David Regades Fernández
D. Carlos López Font
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D. Angel Rivas González.
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego
M^a José Caride Estévez
D^a. Olga Alonso Suárez
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas e cinco minutos do día vinte e un de novembro de dous mil dezaseis e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretario o concelleiro, Sr. Rodríguez Escudero, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1162).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(1163).- RESOLUCIÓN DAS AXUDAS MUNICIPAIS ESCOLARES DE LIBROS, MATERIAL ESCOLAR E COMEDOR, CURSO 2016-2017. EXPTE. 120543/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 17/11/16, dáse conta do informe-proposta do 16/11/16, asinado pola traballadora social, o xefe de Área de Benestar Social, o asesor xurídico adxunto á xefatura de Benestar Social, a concelleira de Política Social e o concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. ANTECEDENTES

I.1. Tramitouse polo Servizo de Benestar Social o expediente de bases e convocatoria para a concesión, en réxime concorrencia (avaliación individualizada), das axudas municipais de libros, material escolar e comedor para alumnas/os de centros docentes públicos e privados concertados de educación infantil (2ª etapa), educación primaria e secundaria do Concello

de Vigo (Curso 2016-2017). Foron aprobadas na sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 30.05.2016 (BOP nº 107, do 06.06.2016).

I.2. Na parte dispositiva dese acordo recóllese:

A) A aprobación das Bases e a convocatoria desas axudas municipais.

B) O compromiso de gasto por importe de 110.000€ para axudas de libros ós/ás alumnos/as do nivel de educación infantil (2ª etapa) con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.481.00.00, que serán aboadas mediante libramento a xustificar que se ingresará na conta habilitada do Servizo de Benestar social (IBAN ES 90 2080-5000-67-3110242616).

C) O compromiso de gasto de 1.090.000€ con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.481.00.00 para axudas municipais escolares de comedor (Curso 2016-2017). Desta cantidade, 375.780,80 € imputaranse ó exercicio de 2016 e o resto, 714.219,20 €, ó de 2017 (supeditada á dispoñibilidade orzamentaria nese exercicio). As dúas cantidades serán pagadas tamén mediante libramento a xustificar que se ingresará naquela conta habilitada.

I.3. Conforme co disposto nas bases, realizouse a valoración individualizada de todas as solicitudes presentadas e a “Comisión de Valoración” designada para o efecto (base 11ª) redactou o correspondente informe no que se concreta o resultado da avaliación (Acta do 17.10.2016). Desa valoración resulta que:

A) 1.280 alumnas/os solicitantes das axudas de libros e material escolar reúnen os requisitos necesarios para obter a condición de beneficiarias/os da subvención segundo o establecido na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia (LSG) e cumpren os requisitos estipulados na base 6ª da convocatoria, existindo orzamento para a súa concesión. O custo total da subvención de libros ascende a 108.800 € (= 1.280 x 85€). Existe crédito para facer fronte a este gasto con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.481.00.00 - A 201600061475 (110.000€), aboándose mediante libramento a xustificar, que se ingresará na precitada conta habilitada do Servizo de Benestar Social.

B) 2.811 alumnas/os reúnen os requisitos necesarios para obter a condición de beneficiarias/os das axudas municipais de comedor, de acordo coa LSG e a base 6ª da convocatoria, existindo orzamento para a súa concesión.

Canto ó aboamento destas axudas, indicar que o primeiro pagamento (setembro-décembro), ata unha porcentaxe máxima do 40% do importe correspondente á resolución das axudas de comedor de cada centro educativo aprobada pola XGL, pagarase de xeito anticipado antes da finalización do cuadrimestre.

O custo do total do comedor para o Curso 2016-2017 das/os 2.811 alumnas/os que cumpren os requisitos ascende a 1.083.359,40 €. Polo tanto, o 40% de porcentaxe máxima do primeiro pagamento (exercicio 2016) ascende a 433.343,76 €.

O gasto do exercicio de 2016 aboarase con cargo ó A -núm. 2016.000.61479 (375.780,80€) e a diferenza de 57.562,96 € con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.481.00.00.

Existe crédito para facer fronte ó gasto de 1.090.000 € para axudas de comedor do Curso 2016-2017 con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.481.00.00 e ó A -núm.

2016.000.61479 (375.780,80€) do exercicio de 2016 e para o exercicio de 2017 con cargo á RCFUT1 2016.000.58563 (714.219,20€).

Ámbalas dúas cantidades serán pagadas mediante libramentos a xustificar que se ingresarán na conta habilitada do Servizo de Benestar Social.

I.4. Da información que obra en poder deste Servizo despréndese que todas/os beneficiarias/os destas axudas cumpren todos os requisitos necesarios para acceder ás subvencións, segundo a base 6ª da convocatoria.

II. PROPOSTA DE ACORDO

Polo exposto anteriormente, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

«ACORDO:

PRIMEIRO: Axudas municipais de libros e material escolar curso 2016-2017:

1.1. *CONCEDER* as axudas de libros e material escolar ás/ós 1.280 alumnas/os que reúnen os requisitos necesarios para obter a condición de beneficiarias/os da subvención segundo o establecido na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e na base 6ª da convocatoria, existindo crédito orzamentario para a súa concesión. O gasto de 108.800€ financiarase con cargo á aplicación nº 2310.481.00.00 -A 201600061475 (110.000,00 €) mediante libramento a xustificar que se ingresará na conta habilitada do Servizo de Benestar Social (ES 90 2080 5000 67 3110242616). Relaciónanse as persoas beneficiarias no Anexo I, que comeza co expediente nº 3605706003681, cunha renda per cápita anual de -6.036,51 e remata co expediente nº 3605705003118, cunha renda per cápita anual de 4.768,40 € .

1.2. *Denegar* as solicitudes de axudas de libros e material escolar ás/ós 568 alumnas/os que se relacionan no Anexo I, que comeza co expediente nº 3605711003374 e remata co expediente nº 3605704003700, sinalando en cada caso o motivo da súa denegación.

SEGUNDO: Axudas municipais escolares de comedor curso 2016-2017:

2.1. *CONCEDER* de axudas municipais de comedor ás/ós 2.811 alumnas/os que reúnen os requisitos necesarios (LSG e base 6ª), existindo o orzamento necesario. O gasto do exercicio de 2016 para as axudas de comedor é de 433.343,76 €, dos que 375.780,80 € irán con cargo ó A-núm. 2016.000.61479 e 57.562,96€ con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.481.00.00 na que existe crédito suficiente. No exercicio de 2017 o gasto será de 650.015,73 € con cargo a RCFUT1 2016.000.58563 (714.219,20 €).

As/os beneficiarias/os destas axudas aparecen relacionadas no Anexo II, que comeza co expediente nº 36057014003133, cunha renda per cápita anual de -5.160,18 € e remata co expediente nº 3605702002094, cunha renda per cápita anual de 4.776,93€.

2.2. *Denegar* as axudas municipais de comedor ás/ós 646 alumnas/os que figuran no Anexo II, que comeza co expediente nº 3605713003700, cunha renda per cápita anual de -11.409,86 € e remata co expediente nº 3605702003100, cunha renda per cápita anual de 22.817,37 €, por non cumprir algún dos requisitos establecidos nas bases, indicándose en cada caso o motivo concreto da súa denegación.

TERCEIRO: Denegar as solicitudes de axudas municipais escolares que a seguir se relacionan e polas causas que en cada caso se expresan.

DNI Nº	MOTIVO DA DENEGACIÓN
35579982-V	Unidade familiar non empadroada no municipio.
39452274-Y	Unidade familiar non empadroada no municipio.
36140809-N	Tutelado por menores.
53170296-T	Unidade familiar non empadroada no municipio.
36144808-D	Non convive co seu pai, a nai dispón da custodia.
39491133-H	Os alumnos non conviven coa persoa solicitante da axuda.

CUARTO: Publicar a resolución desta convocatoria de axudas (Anexo III) no taboleiro oficial de anuncios da Casa do Concello, nos Centros de Servizos Sociais Municipais, na web municipal e no “Portal da Transparencia e bo goberno” do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>, con remisión da información necesaria á BDNS.

QUINTO: Notificar o acordo a todas as persoas interesadas, con indicación de que pon fin á vía administrativa e de que contra el poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución (Arts. 123 - 124 da Lei 39/2015 e 8, 25, 46 e ccdtes. da Lei 29/98)».

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(1164).- DECLARAR DESERTO O PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE EQUIPOS PARA RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓN DE PRODUCCIÓN DE AQS NO PAVILLÓN DO CARMÉ E NO COMPLEXO DEPORTIVO DE BALAIÓDOS. EXPTE. 521/611.

Dáse conta do informe-proposta asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, con data 21/11/16, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 16 de novembro de 2016, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

3.- Apertura administrativa

c) Procedemento aberto para a contratación do subministro de equipos para renovación das instalación de produción de AQS no pavillón do Carmen e no complexo deportivo de Balaídos (521-611)

“LEXISLACIÓN APLICABLE

- *Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)*
- *Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)*
- *Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011*
- *Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do procedemento aberto do subministro de equipos para renovación das instalación de produción de AQS no pavillón do Carmen e no complexo deportivo de Balaídos*

ANTECEDENTES

Único.- *A mesa de contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 16 de novembro de 2016, realizou entre outras, as seguintes actuacións:*

“3.- Apertura administrativa

c) Procedemento aberto para a contratación do subministro de equipos para renovación das instalación de produción de AQS no pavillón do Carmen e no complexo deportivo de Balaídos (521-611)

A secretaria pon en coñecemento dos membros da Mesa o certificado expedido polo Rexistro Xeral o 14 de novembro de 2016 onde se fai constar que durante o prazo concedido para a presentación de proposicións, que rematou o 11 de novembro, non se presentou ningunha. Indica así mesmo “no correo do día 16 de novembro recibíuse un sobre cunha proposta da empresa ACENDE ENERXIA, sen que conste comunicación previa por fax, e tamén co selo de entrega en correos o día 15-11-16”.

Á vista do anterior, a Mesa, por unanimidade, acorda:

- 1. Non admitir neste procedemento aberto para a contratación do subministro de equipos para renovación das instalación de produción de AQS no pavillón do Carmen e no complexo deportivo de Balaídos (521-611) á empresa ACENDE ENERXÍA por ter presentado a súa proposición fóra do prazo concedido (que remataba o 11 de novembro de 2016, como así consta anunciado no perfil do contratante).*
- 2. Propoñer á Xunta de Goberno local que declare deserto o procedemento aberto para a contratación do subministro de equipos para renovación das instalación de produción de AQS no pavillón do Carmen e no complexo deportivo de Balaídos (521-611) por non terse presentado ningunha proposición dentro do prazo concedido.*

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Único.- *A Mesa de Contratación é competente para propoñer deserta a licitación, ao abeiro do previsto no artigo 22.1g do Real Decreto 817/2009, no que se regulan as funcións das Mesas de Contratación.*

Dado que a esta licitación non se presentou ningún licitador, tal e como consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral de data 14 de novembro de 2016, cómpre declarar deserta esta licitación.

Á vista do exposto, proponse a Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional segunda do TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Declarar deserto o procedemento aberto para a contratación do subministro de equipos para renovación das instalación de produción de AQS no pavillón do Carmen e no complexo deportivo de Balaídos (521-611) por non terse presentado ningunha proposición dentro do prazo concedido”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

4(1165).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO “PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DAS OBRAS DE REFORMA DO CAMPO DE FÚTBOL A BANDEIRA-CARBALLAL, FASE I”. EXPTE. 15342/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 17/11/16, e o informe de fiscalización do 18/11/16, dáse conta do informe-proposta de data 18/11/16, asinado polo coordinador deportivo, o concelleiro delegado de Deportes e o concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

1.- Antecedentes:

1. O orzamento municipal, aprobado definitivamente polo Concello-Pleno, en sesión de 9 de decembro de 2015, recolle dentro do programa “3420 Instalacións Deportivas” a aplicación orzamentaria 3420.632.00.02 “Investimentos C de Fútbol Hogar e Carballal”.

2.- Este campo de fútbol, sitúase en terreos propiedade da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común da Parroquia de Cabral e da Comunidade de Montes de Candeán, polo que ambas as dúas entidades emiten CERTIFICACIÓN da cadansúa Asemblea Xeral da Comunidade de Montes, que se xuntan ao presente expediente e nas que se autoriza ao Concello de Vigo á realización de obras de acondicionamento e mellora que sexan precisas para a práctica deportiva na instalación do campo de fútbol de A Bandeira-Carballal, a través da posta a disposición dos terreos.

2. Para levar a cabo esta actuación o Concelleiro Delegado de Deportes, por resolución de 07/07/2016, autorizou o contrato menor de servizos e o gasto, por importe de 14.278,00 euros, para redacción do proxecto de obras necesario para a súa execución, a prol da mercantil ESTUDIO DE ARQUITECTURA ZABALLA Y CARBALLAS, SLP (B36928323). (expte 15219/333)

3. O proxecto presentado pola mercantil ESTUDIO DE ARQUITECTURA ZABALLA Y CARBALLAS, SLP (B36928323), e redactado polos arquitectos Juan Zaballa Malcorra e Daniel Guisande Lago, coa denominación de “PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DAS OBRAS DE REFORMA DO CAMPO DE FÚTBOL A BANDEIRA-CARBALLAL FASE I” ten un orzamento base de licitación máis IVE de SEISCENTOS OITENTA MIL €UROS

(680.000EUROS), e data xullo de 2016, atopase anexado o presente expediente, e foi aprobado pola XGL en sesión extraordinaria e urxente do 19 de setembro de 2016.

4.- O Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos. Inspección Técnica de Obras e asistencia municipal, Aurelio Adán Fernández, con data 12/09/2016, emite informe favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 125 do referido Real Decreto Lexislativo, indicando de forma expresa que a documentación do proxecto considérase completa, e o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos polo "Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Contratos do Sector Público" e polo "Regulamento Xeral da lei de contratos das administracións públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro

5.- No expediente administrativo consta:

–Informe de Xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinada polo Coordinador Deportivo de data 20.09.2016, e informe complementario asinado con data 17/10/2016.

–Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Deportes de data 20.09.2016.

–Prego de prescricións técnicas particulares, redactado polos arquitectos Juan Zaballa Malcorra e Daniel Guisande Lago, con data xullo de 2016. Dito PPTP se atopa incluído no proxecto aprobado pola XGL en sesión do 19.09.2013.

–Informe da xefa do servizo de contratación indicando que o expediente reúne a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública de data 24.10.2016.

–Prego de Cláusulas Administrativas Particulares definitivo, redactado e asinado pola técnica de Administración Xeral de Contratación, con data 14/11/2016.

–Informe favorable Asesoría Xurídica de data 17/11/2016 asinada pola titular da Asesoría Xurídica, de conformidade sobre o PCAP definitivo de data 14/11/2016

II.- Condicións definatorias do contrato:

1.- Obxecto dos Proxectos:

En relación o obxecto do contrato o Arquitecto Municipal, David Carvajal, con data 04/08/2016, informou que "o proxecto; contempla a realización das obras precisas para proceder á substitución do terreo de xogo existente por unha nova superficie de herba artificial de última xeración, contemplando a execución das instalacións e das actuacións complementarias necesarias.

Plantéxase a substitución completa do terreo de xogo instalando unha nova superficie de herba sintética, cunha correcta definición de rasantes, drenaxe, sistema de rego e iluminación. Contémplase así mesmo a consolidación do talud existente no lindeiro Norte

(que ven presentando derrumbes puntuais), así coma a colocación dun valado perimetral e o peche completo da parcela.”

Estas obras supoñen sen ningunha dubida un incremento da capacidade, rendemento, eficiencia da funcionalidade inherente as necesidades básicas dos servizos públicos que prestas ditas instalacións, o tempo que se conseguira unha ampliación da súa vida útil, polo cal teñen unha clara identificación con actuación de “investimentos reais”.

O contrato atópase vinculado ao exercicio das competencias municipais previstas no art. 25.2 L) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime Local, “Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”.

O contrato, polo seu obxecto, será de obras, segundo o previsto no artigo 6 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, que aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (no sucesivo, T.R.L.C.S.P.).

1.2.- Xustificación da necesidade e idoneidade do contrato.

En relación á memoria específica que esixe a normativa de contratación sobre a necesidade e idoneidade da contratación que se derive deste expediente (artigo 22 do TRLCSP), así como os aspectos relacionados coa natureza, e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato obxecto deste expediente, atópanse vinculadas directamente coas necesidades propias dos servizos que presta o Área de Deportes en relación á competencia municipal en materia de infraestrutura deportiva, e de forma específica na propia memoria xustificativa do proxecto de execución que se contempla neste expediente no cal se definen as peculiaridades destas actuacións.

Conta con informe xustificativo da necesidade e idoneidade da contratación das obras obxecto do contrato, asinada polo Coordinador Deportivo de data 20.09.2016, e informe complementario asinado con data 17/10/2016.

2.- Procedemento de adxudicación e forma de tramitación:

Tendo en conta o obxecto do contrato, propónse a tramitación do presente expediente de contratación a través de procedemento aberto, e por tramitación ordinaria, polo que non precisa de mais xustificación.

3.- Orzamento base de licitación:

En cumprimento do artigo 86 e 87 do TRLCSP, o prezo que servirá como base para a execución deste contrato, atopase determinado en base o proxecto, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 19 de setembro de 2016, e presentado pola mercantil ESTUDIO DE ARQUITECTURA ZABALLA Y CARBALLAS, SLP (B36928323), e redactado polos arquitectos Juan Zaballa Malcorra e Daniel Guisande Lago, no cal figura o orzamento básico de licitación, que resulta adecuado para o efectivo cumprimento do obxecto do contrato e de acordo cos prezos xerais do mercado, os cales atópanse descompostos nas unidades vinculadas o proxecto, e ten un orzamento base de licitación máis IVE de SEISCENTOS OITENTA MIL €UROS (680.000EUROS), sendo o importe correspondente o IVE o de (118.016,53 €.).

O valor estimado do contrato estipulase en (674.380,17 €)

3.1.- Financiamento do contrato e xustificación do cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira do artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012 de 7 de abril.

Tratase dunha obra de carácter plurianual e o importe do contrato establecece en SEISCENTOS OITENTA MIL €UROS (680.000EUROS), sendo o importe correspondente o IVE o de (118.016,53 €.). Dito importe deberá ser de aplicación aos créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, na aplicación orzamentaria 3420.632.00.02 "Investimentos C de Fútbol Hogar e Carballal", a cal cumpre a condición de crédito suficiente e adecuado, de acordo coa seguinte distribución por anualidades:

Importe total	2016	2017
680.000,00 €	600.000,00 €	80.000,00 €

O gasto proposto, establecece tamén de acordo co principio de sustentabilidade financeira, de acordo o cumprimento da exigencia do artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, por entender que o prezo de licitación proposto atopase dentro dos créditos vixentes no actual orzamento, Polo cal esta proposta de gasto non suporá ningún desequilibrio orzamentario por atoparse contemplada no orzamento vixente e o gasto proposto non contempla ningunha outra obriga que se derive do mesmo, xa que a mesma ten a consideración da execución dunha obra de carácter finalista para o Concello.

4.- Criterios de valoración e xustificación:

En relación os criterios de adxudicación e de acordo co recollido no artigo 150 do TRLCSP, para a valoración das proposicións deberá atenderse a criterios directamente vinculados co obxecto do contrato, polo cal en base o obxecto das obras deste contrato.

De conformidade co establecido na Memoria Xustificativa e no PCAP do contrato establécense os seguintes criterios (apartado 8 das FEC)

4.1.- CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUÍZO DE VALOR:

Criterios de adxudicación		Puntuación	
Criterios avaliados mediante xuízo de valor (20 puntos)			
Memoria construtiva dos criterios de execución técnica da obra	Análise da actuación a desenvolver a través dunha descrición analítica e detallada do proxecto	5	15
	Análise do ámbito de actuación da obra e os procesos de implantación de medios para a obra, e a súa explicación gráfica	5	

Criterios de adjudicación		Puntuación	
	<i>Proposta de planificación da obra en relación aos períodos de execución e aos equipos materiais e humanos que se propoñen para a execución da obra</i>	5	
<i>Plan de control de calidade</i>	<i>Descrición plan de controis de calidade a executar a maiores do contemplado no proxecto.</i>	2	3
	<i>Descrición do plan de autocontrol interno da empresa</i>	1	
<i>Plan de aforro enerxético e programa de actuacións medioambientais</i>	<i>Boas prácticas na execución da obra que permitan reducir o consumo enerxético ou de materias primas</i>	1	2
	<i>Cualificación, formación e experiencia do equipo humano</i>	2	
Criterios avaliados mediante fórmula (80 puntos)			
<i>Redución do prezo</i>		75	
<i>Incremento do prazo de garantía (respecto do mínimo esixido, que se establece en 12 meses)</i>		5	
Total		100	

5.- Revisión de prezos.

Tendo en conta que as obras a executar teñen unha duración inferior a unha anualidade, non procede a revisión de prezos, dado que os mesmos permanecerán estables dentro do tempo de execución previsto e dentro da mesma anualidade.

6.- Prazo de garantía.

Establecese como prazo de garantía mínimo o de 12 meses dende a acta de recepción das obras.

7.- Esixencia de Clasificación.

De acordo co artigo 65.1 do TRLCSP, se esixe a seguinte clasificación:

Grupo: C, Subgrupo: 6, Categoría: 2

Grupo: I, Subgrupo: 9 Categoría: 1

8.- Subcontratación.

Considerase oportuno a autorización da subcontratación co límite máximo do 50 %.

9.-Prescripcóns técnicas particulares.

O proxecto redactado polos arquitectos Juan Zaballa Malcorra e Daniel Guisande Lago, e aprobado pola Xunta de Goberno Local, na sesión do 19 de setembro de 2016, co número de expediente 15253-333, contén o Pregos de Prescripcóns Técnicas Particulares.

10.- Criterios para a determinación de ofertas anormais ou desproporcionadas.

En relación á determinación do criterio aplicable para a valoración da existencia de ofertas ou proposicións con valores anormais ou desproporcionados para as ofertas referentes as obras obxecto deste expediente, contéplase o criterio para a súa determinación no apartado 8.D das FEC.

11.- Prazo de execución e prorroga:

De acordo co proxecto básico e de execución das obras, o prazo máximo de execución establececese en 10 semanas.

12.- Medios persoais e materiais a adscribir á execución do contrato:

Non se contemplan requisitos mínimos.

13.- Modificación do contrato:

Tendo en conta as peculiaridades do proxecto de obra, contemplase a posibilidade de modificación do contrato (apartado 15 das FEC)

14.- Responsable do Contrato:

O responsable do Contrato será o director deportivo-xefe da Unidade Técnica. Porén, o órgano de contratación nomeará unha dirección facultativa municipal para o seguimento da obra.

15.- Seguro:

O adxudicatario deberá acreditar a posesión dun seguro de responsabilidade civil, que de cobertura as actuacións propias do adxudicatario na execución das obras obxecto deste contrato, cunha contía mínima de 600.000,00 €.

16.- Garantía complementaria:

Establécense os supostos no que se debe constituír garantía complementaria no apartado 10.B das FEC.

III.- PROPOSTA:

Previamente a efectuar a proposta ao órgano de contratación, debe emitirse documento contable referido a existencia de crédito para financiación das obras, así como informe favorable de fiscalización a Intervención Xeral, de conformidade co previsto no artigo 109.3 do TRLCSP.

Por todo o exposto proponse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación competente, de acordo co previsto na disposición adicional 2ª do TRLCSP, que adopte o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DAS OBRAS DE REFORMA DO CAMPO DE FÚTBOL A BANDEIRA-CARBALLAL FASE I.

Segundo: Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares redactado e asinado pola técnica de Administración Xeral de contratación, con data 14/11/2016.

Terceiro: Autorizar o gasto por importe de SEISCENTOS OITENTA MIL €UROS (680.000 EUROS), sendo o importe correspondente o IVE o de (118.016,53 €.).

Trátase dunha obra de carácter plurianual. Para a súa financiación, aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, incluídos na aplicación orzamentaria 3420.632.00.02 "Investimentos C de Fútbol Hogar e Carballal coa seguinte distribución de anualidades:

2016: 600.000,00 €

2017: 80.000,00 €

Cuarto: Para posibilitar a execución do proxecto, conforme ao plan de obra previsto e ás dispoñibilidades orzamentarias, modifícanse as porcentaxes de gastos establecidas para os importes plurianuais, en base ao disposto no artigo 174 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais, quedando establecido respecto ao previsto no presente exercicio para a segunda anualidade nun 13,33 %.

Quinto: Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(1166).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE DESEÑO E PRODUCCIÓN DE CATRO CARROZAS PARA CABALGATA DE REIS 2017. EXPTE. 6632/335.

Dáse conta da proposta asinada pola secretaria da Mesa de Contratación, con data 21/11/16, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 21 de novembro de 2016, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

7.- Propostas de clasificación

a) Procedemento negociado con publicidade para a contratación dos servizos de deseño e produción de catro carrozas para Cabalgata de Reis 2017 (6632-335)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das ofertas presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento negociado para a contratación dos Servizos de deseño e produción de catro carrozas para Cabalgata de Reis 2017 (6632-335) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación
1º	BIGLAB, SLU	82,57 puntos
2º	CA TOTALITY GROUP, SLU	77,00 puntos

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, BIGLAB, SLU, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.
4. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 21 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

6(1167).- RECTIFICACIÓN DE ERROS DO EXPEDIENTE 28189/220.- MODIFICACIÓN PUNTUAL DA VIXENTE RPT (REORGANIZACIÓN DOS SERVIZOS INTEGRADOS NA ÁREA DE GOBERNO DE CULTURAL, VOLUNTARIADO, COMERCIO E EDUCACIÓN, READSCRICIÓN DE POSTOS DE TRABALLO NA ÁREA DE X.MUNICIPAL E REVISIÓN RETRIBUCIÓNS DIVERSOS POSTOS E TRABALLO. EXPTE. 28955/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 21/11/16, asinado polo técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, a técnica de avaliación e formación de Recursos Humanos, a xefa da Área e o concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de 23/09/2016 acordou, entre outros,

Primeiro.- "Aprobar a modificación puntual da vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo (BOP nº 220, do martes 16 de novembro do 2010 e sucesivas modificacións publicadas nos BOP nº 8 de 12/01/2012, nº 60 de 26/03/2012, nº 98 de 23/05/2012, nº 149 de 03/08/2012, nº 180 de 18/09/2012, nº 41 de 27/02/2013, nº 88 de 08/05/2013, nº 16 de 26/01/2016 e nº 24 de 05/02/2016, nº 57 de 23/03/2016, nº 110 de 09/06/2016 e nº 113 de 14/06/2016) nos termos da motivación contida no informe-proposta que antecede e das instrucións do servizo da Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal de data 10/06/2016 e 09/11/2016, concretada nas modificacións seguintes:

- Reconfiguración do posto de traballo Cód. retributivo 60 "Xefe/a Educación" nos termos da solicitude enviada pola Concellería-delegada da Área, debendo configurarse cunhas retribucións complementarias de CD nivel 28, CE 625, subgrupo A1 de titulación, Escala de Administración Xeral ou Especial, pasando a denominarse Xefe/a do Servizo de Educación.
- Modificación da denominación do posto Cód. Retributivo 293 "Xefe/a de Servizo da Pinacoteca Municipal", redenomíndose como "Técnico/a de actividades sociais".
- Creación do Servizo (Departamento) de Comercio, cód. 106, partida funcional 430.0.
- Reconfiguración do posto Cód. Retributivo "13-Xefe/a de Cultura e Bibliotecas", modificando a súa denominación pola de "Xefe de Comercio", debendo configurarse retributivamente como subgrupo A2, CD 26, CE 640.
- Reconfiguración do posto "Oficial Almaceneiro" (Clave do posto 242.05), adscrito ao Servizo de Contratación, cód. 242, redenomíndose en "Auxiliar técnico de contratación", cód. 195, modificándose o seu Complemento Específico que pasa a ser o cód. 142.
- Modificación da denominación dos seguintes postos:
 - . Codg Rtb 655-"Auxiliar administrativo EMAO" e, Cód. retrib. 617-"Auxiliar administrativo IMD" pasando a denominarse "Auxiliar administrativo", reconfigurándose as retribucións dos mesmos mais as dos postos Cód. 140-"Auxiliar administrativo" e, cód. 138-"Auxiliar" e "Auxiliar " que pasan a contar todos eles co Complemento Específico, cód. 159.
- Reconfiguración do posto Codg Rtb 149 "Auxiliar Arquivo" , que pasa a contar co nivel de Complemento Específico cód. 159.
- Reconfiguración do posto Cód. Retrib. 136 " Auxiliar Servizos Internos", que pasa a contar co nivel de Complemento Específico cód. 159.
- Reconfiguración dos postos Cód. 116."Capataz Vías e Obras", Cód. 118-"Capataz Desinfección", 117- "Capataz Electromecánicos", Cód. 121-"Capataz Parque Móbil" e, Cód. 120-"Capataz Montes, Parques e Xardíns", que pasan a contar co nivel de Complemento Específico cód. 307.
- Reconfiguración dos postos Cód. retributivo 184 "Xefes de Equipo", que pasa a contar co nivel de Complemento Específico cód. 409.
- Reconfiguración do posto Cód. retributivo 187 "Xefe Equipo Cemiterios" que pasa a contar co nivel de Complemento Específico cód. 550.

- *Modificación do Complemento de Destino dos postos Cód. 131-"Inspector/a Consumo", Cód. 143-"Inspector/a Control Concesionarias", cód. 255-" Inspector/a Medio Ambiente", Cód. 254-"Inspector/a Mobilidade e Seguridade", Cód. 185-" Inspector/a Obras, Servizos e Infraestruturas", Cód. 142-Inspector/a Sanidade e, Cód. 317-Inspector/a Obras por xentenza xudicial", que pasa a contar co nivel de Complemento de Destino 20.*
- *Redenominación do servicio código 328 "Area de Cultura, Festas e Museos", pasando a "Área de Cultura"*
- *Adscripción dos postos existentes no código 330-Cultura – Postos Cód. 94 (clave posto 330.05) - Xefe/a Oficina Administrativa Programación Cultural e, posto Cód. retrib. 138 (clave do posto 330.07) -"Auxiliar", a "Area de Cultura, cód. 328"*
- *Adscripción do posto Cód. 253-"Encargado de Instalacions Culturais", de dous postos Cód. retributivo 147- "Axudante de Oficinos", un deles vacante, dous postos vacantes Cód. retrib. 158 "Peón traballos exteriores" e un posto cód. 105-Administrativo/a Admón. Xeral, existentes no servizo Cód. 014-Museos, a Área de Cultura,cód. 328.*
- *Reconfiguración do posto codg Rtb 651 "Profesor/a Linguas da Comunidade Autónoma, redenominándose "Xefe estudos EMAO", asignándosele o Complemento Específico, cód. 680.*
- *Reconfiguración do posto Codg Rtb 650-"Técnico/a Musica Tradicional", asignándosele o Complemento Específico, cód. 680.*
- *Reconfiguración do posto Cód. retributivo 653-"Tecnico/a Medio Biblioteca EMAO", pasando a denominarse Técnico/a Medio/a Biblioteca (Cód. retributivo 82) asignándosele o Complemento Específico, cód. 690.*
- *Reconfiguración do posto Cód. retributivo 311-"Xefe/a da Unidade de Técnica Control de Implantación de Servizos na Vía Pública", como susceptible de ser ocupado por funcionarios do Grupo A (subgrupos A1 e A2) de titulacion.*

Segundo.- Acordar o sometemento a información pública por un prazo de 20 días, contados dende a data de aprobación, do presente expediente de modificación puntual da RPT, en cumprimento do disposto no artigo 202 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia, transcurrido o cal a aprobación se elevará a definitiva de non se plantexarse reclamacións, desplegando efectos económicos e administrativos de 01/01/2016".

Publicado dito acordo no BOP núm. 189 de data 3 de outubro de 2016, e resoltas as reclamacións presentadas no prazo regulamentario, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente de data 14 de novembro actual acordou:

"Primeiro.- Desestimar, en atención ao informe da Area de Recursos Humanos e Formacion de data 09/11/2016, as alegacions presentadas por D Ramón Vázquez Martínez, (Doc 160134136 de data de entrada 07/10/2016), D Cayetano Rodríguez Escudero (Doc 160134263, con data de entrada 07/10/2016), D Luis Perez Montes, (Doc. 160135461, con data de entrada 19/10/2016) e D Jose Angel Hermida Fernandez (Doc 160142313 presentada en data 25/10/2016), contra o acordo da Xunta de Goberno local de data 29/09/2016, polo que se aproba inicialmente a modificación puntual da vixente Relación de Postos de traballo do Concello de Vigo (BOP nº 220, do martes 16 de

novembro do 2010 e sucesivas modificacións publicadas nos BOP nº 8 de 12/01/2012, nº 60 de 26/03/2012, nº 98 de 23/05/2012, nº 149 de 03/08/2012, nº 180 de 18/09/2012, nº 41 de 27/02/2013, nº 88 de 08/05/2013, nº 16 de 26/01/2016 e nº 24 de 05/02/2016, nº 57 de 23/03/2016, nº 110 de 09/06/2016 e nº 113 de 14/06/2016) .

Segundo.- Aprobar definitivamente a modificación puntual da vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo (BOP nº 220, do martes 16 de novembro do 2010 e sucesivas modificacións publicadas nos BOP nº 8 de 12/01/2012, nº 60 de 26/03/2012, nº 98 de 23/05/2012, nº 149 de 03/08/2012, nº 180 de 18/09/2012, nº 41 de 27/02/2013, nº 88 de 08/05/2013, nº 16 de 26/01/2016 e nº 24 de 05/02/2016, nº 57 de 23/03/2016, nº 110 de 09/06/2016 e nº 113 de 14/06/2016) nos termos da motivación contida no informe-proposta que antecede e das instrucións do servizo da Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal de data 10/06/2016 e 09/11/2016, concretada nas modificacións seguintes:

- Reconfiguración do posto de traballo Cód. retributivo 60 “Xefe/a Educación” nos termos da solicitude enviada pola Concellería-delegada da Área, debendo configurarse cunhas retribucións complementarias de CD nivel 28, CE 625, subgrupo A1 de titulación, Escala de Administración Xeral ou Especial, pasando a denominarse Xefe/a do Servizo de Educación.
- Modificación da denominación do posto Cód. Retributivo 293 “Xefe/a de Servizo da Pinacoteca Municipal”, redenomínándose como “Técnico/a de actividades sociais”.
- Creación do Servizo (Departamento) de Comercio, cód. 106, partida funcional 430.0.
- Reconfiguración do posto Cód. Retributivo "13-Xefe/a de Cultura e Bibliotecas”, modificando a súa denominación pola de “Xefe de Comercio”, debendo configurarse retributivamente como subgrupo A2, CD 26, CE 640.
- Reconfiguración do posto “Oficial Almaceneiro” (Clave do posto 242.05), adscrito ao Servizo de Contratación, cód. 242, redenomínándose en “Auxiliar técnico de contratación”, cód. 195, modificándose o seu Complemento Específico que pasa a ser o cód. 142.
- Modificación dos postos Codg Rtb 655-"Auxiliar administrativo EMAO" e, Cód. retrib. 617-"Auxiliar administrativo IMD” pasando a denominarse “Auxiliar administrativo”, reconfigurándose as retribucións dos mesmos mais as dos postos Cód. 140-"Auxiliar administrativo” e, cód. 138-"Auxiliar" e “Auxiliar “ que pasan a contar todos eles co Complemento Específico, cód. 159.
- Reconfiguración do posto Codg Rtb 149 “Auxiliar Arquivo” , que pasa a contar co nivel de Complemento Específico cód. 159.
- Reconfiguración do posto Cód. Retrib. 136 “ Auxiliar Servizos Internos”, que pasa a contar co nivel de Complemento Específico cód. 159.
- Reconfiguración dos postos Cód. 116."Capataz Vías e Obras”, Cód. 118-"Capataz Desinfección", 117- "Capataz Electromecánicos", Cód. 121-"Capataz Parque Móbil" e, Cód. 120-"Capataz Montes, Parques e Xardíns", que pasan a contar co nivel de Complemento Específico cód. 307.

- Reconfiguración dos postos Cód. retributivo 184 “Xefes de Equipo”, que pasa a contar co nivel de Complemento Específico cód. 409.
- Reconfiguración do posto Cód. retributivo 187 “Xefe Equipo Cemiterios” que pasa a contar co nivel de Complemento Específico cód. 550.
- Modificación do Complemento de Destino dos postos Cód. 131-"Inspector/a Consumo", Cód. 143-"Inspector/a Control Concesionarias", cód. 255-" Inspector/a Medio Ambiente", Cód. 254-"Inspector/a Mobilidade e Seguridade", Cód. 185-" Inspector/a Obras, Servizos e Infraestruturas", Cód. 142-Inspector/a Sanidade e, Cód. 317-Inspector/a Obras por xentenza xudicial", que pasa a contar co nivel de Complemento de Destino 20.
- Redenominación do servizo código 328 “Area de Cultura, Festas e Museos”, pasando a “Área de Cultura”.
- Adscripción dos postos existentes no código 330-Cultura – Postos Cód. 94 (clave posto 330.05) - Xefe/a Oficina Administrativa Programación Cultural e, posto Cód. retrib. 138 (clave do posto 330.07) -"Auxiliar", a "Area de Cultura, cód. 328".
- Adscripción do posto Cód. 253-“Encargado de Instalacions Culturais”, de dous postos Cód. retributivo 147- “Axudante de Oficios”, un deles vacante, dous postos vacantes Cód. retrib. 158 “Peón traballos exteriores” e un posto cód. 105-Administrativo/a Admón. Xeral, existentes no servizo Cód. 014-Museos, a Área de Cultura,cód. 328.
- Reconfiguración do posto codg Rtb 651 “Profesor/a Linguas da Comunidade Autónoma, redenominándose “Xefe estudos EMAO”, asignándosele o Complemento Específico, cód. 680.
- Reconfiguración do posto Codg Rtb 650-"Técnico/a Musica Tradicional", asignándosele o Complemento Específico, cód. 680.
- Reconfiguración do posto Cód. retributivo 653-“Tecnico/a Medio Biblioteca EMAO”, pasando a denominarse Técnico/a Medio/a Biblioteca (Cód. retributivo 82) asignándosele o Complemento Específico, cód. 690.
- Reconfiguración do posto Cód. retributivo 311-"Xefe/a da Unidade de Técnica Control de Implantación de Servizos na Vía Pública", como susceptible de ser ocupado por funcionarios do Grupo A (subgrupos A1 e A2) de titulación.”

Detectado erro nos apartados 2º, 4º, 16º e 19º da proposta recollida en dito acordo e de conformidade co disposto no artigo 109.2 da vixente Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo; as Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento, ben de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

En consecuencia, e ao abeiro das competencias que o Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal ostenta por delegación da Excm. Alcaldía, efectuada en Decreto de data 19/06/2015; así como aquelas que ostenta por delegación da Xunta de Goberno Local realizada en acordo de mesma data, pola presente elévase ao dito órgano a seguinte:

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

Rectificar de conformidade co previsto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedimento Administrativo Común das Administracións Públicas, a proposta recollida no acordo da Xunta de Goberno Local de data 14/11/2016, quedando do seguinte xeito:

“Primeiro.- Desestimar, en atención ao informe da Area de Recursos Humanos e Formación de data 09/11/2016, as alegacións presentadas por D Ramón Vázquez Martínez, (Doc 160134136 de data de entrada 07/10/2016), D Cayetano Rodríguez Escudero (Doc 160134263, con data de entrada 07/10/2016), D Luis Perez Montes, (Doc. 160135461, con data de entrada 19/10/2016) e D Jose Angel Hermida Fernandez (Doc 160142313 presentada en data 25/10/2016), contra o acordo da Xunta de Goberno local de data 29/09/2016, polo que se aproba inicialmente a modificación puntual da vixente Relación de Postos de traballo do Concello de Vigo (BOP nº 220, do martes 16 de novembro do 2010 e sucesivas modificacións publicadas nos BOP nº 8 de 12/01/2012, nº 60 de 26/03/2012, nº 98 de 23/05/2012, nº 149 de 03/08/2012, nº 180 de 18/09/2012, nº 41 de 27/02/2013, nº 88 de 08/05/2013, nº 16 de 26/01/2016 e nº 24 de 05/02/2016, nº 57 de 23/03/2016, nº 110 de 09/06/2016 e nº 113 de 14/06/2016) .

Segundo.- Aprobar definitivamente a modificación puntual da vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo (BOP nº 220, do martes 16 de novembro do 2010 e sucesivas modificacións publicadas nos BOP nº 8 de 12/01/2012, nº 60 de 26/03/2012, nº 98 de 23/05/2012, nº 149 de 03/08/2012, nº 180 de 18/09/2012, nº 41 de 27/02/2013, nº 88 de 08/05/2013, nº 16 de 26/01/2016 e nº 24 de 05/02/2016, nº 57 de 23/03/2016, nº 110 de 09/06/2016 e nº 113 de 14/06/2016) nos termos da motivación contida no informe-proposta que antecede e das instrucións do servizo da Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal de data 10/06/2016 e 09/11/2016, concretada nas modificacións seguintes:

- a) Reconfiguración do posto de traballo Cód. retributivo 60 “Xefe/a Educación” nos termos da solicitude enviada pola Concellería-delegada da Área, debendo configurarse cunhas retribucións complementarias de CD nivel 28, CE 625, subgrupo A1 de titulación, Escala de Administración Xeral ou Especial, pasando a denominarse Xefe/a do Servizo de Educación.
- b) Modificación da denominación do posto Cód. Retributivo 293 “Xefe/a de Servizo da Pinacoteca Municipal”, redenomínándose como “Técnico/a de actividades sociais”, adscribindo dito posto a Unidade Administrativa cód. 233-Arquivo Xeral.
- c) Creación da Unidade Administrativa de Comercio, cód. 106, partida funcional 430.0.
- d) Reconfiguración do posto Cód. Retributivo "13-Xefe/a de Cultura e Bibliotecas”, modificando a súa denominación pola de “Xefe de Comercio”, debendo configurarse retributivamente como subgrupo A2, CD 26, CE 640, e adscribindo dito posto a Unidade Administrativa Cód. 16.- Comercio
- e) Reconfiguración do posto “Oficial Almaceneiro” (Clave do posto 242.05), adscrito ao Servizo de Contratación, cód. 242, redenomínándose en "Auxiliar técnico de contratación”, cód. 195, modificándose o seu Complemento Específico que pasa a ser o cód. 142.
- f) Modificación dos postos Codg Rtb 655-"Auxiliar administrativo EMAO" e, Cód. retrib. 617-"Auxiliar administrativo IMD" pasando a denominarse “Auxiliar administrativo”, reconfigurándose as retribucións dos mesmos mais as dos postos Cód. 140-"Auxiliar administrativo" e, cód.

138-"Auxiliar" e "Auxiliar " que pasan a contar todos eles co Complemento Específico, cód. 159.

g) Reconfiguración do posto Codg Rtb 149 "Auxiliar Arquivo" , que pasa a contar co nivel de Complemento Específico cód. 159.

h) Reconfiguración do posto Cód. Retrib. 136 "Auxiliar Servizos Internos", que pasa a contar co nivel de Complemento Específico cód. 159.

i) Reconfiguración dos postos Cód. 116-"Capataz Vias e Obras", Cód. 118-"Capataz Desinfección", 117- "Capataz Electromecánicos", Cód. 121-"Capataz Parque Móbil" e, Cód. 120-"Capataz Montes, Parques e Xardíns", que pasan a contar co nivel de Complemento Específico cód. 307.

j) Reconfiguración dos postos Cód. retributivo 184 "Xefes de Equipo", que pasa a contar co nivel de Complemento Específico cód. 409.

k) Reconfiguración do posto Cód. retributivo 187 "Xefe Equipo Cemiterios" que pasa a contar co nivel de Complemento Específico cód. 550.

l) Modificación do Complemento de Destino dos postos Cód. 131-"Inspector/a Consumo", Cód. 143-"Inspector/a Control Concesionarias", cód. 255-" Inspector/a Medio Ambiente", Cód. 254-"Inspector/a Mobilidade e Seguridade", Cód. 185-" Inspector/a Obras, Servizos e Infraestruturas", Cód. 142-Inspector/a Sanidade e, Cód. 317-Inspector/a Obras por xentenza xudicial", que pasa a contar co nivel de Complemento de Destino 20.

m) Redenominación do servizo código 328 "Area de Cultura, Festas e Museos", pasando a denominarse "Área de Cultura".

n) Adscripción dos postos existentes no código 330-Cultura – Postos Cód. 94 (clave posto 330.05) - Xefe/a Oficina Administrativa Programación Cultural, un posto cód. 105-Administrativo/a Admón. Xeral (clave do posto 330.06) e, posto Cód. retrib. 138 (clave do posto 330.07) -"Auxiliar", a "Area de Cultura, cód. 328".

o) Adscripción do posto Cód. 253-"Encargado de Instalacións Culturais", de dous postos Cód. retributivo 147- "Axudante de Oficios", un deles vacante e, dous postos vacantes Cód. retrib. 158 "Peón traballos exteriores" , existentes no servizo Cód. 014-Museos, a Área de Cultura,cód. 328.

p) Reconfiguración do posto Cód. Retrib. 651 "Profesor/a Linguas da Comunidade Autónoma, redenominándose "Xefe estudos EMAO", asignándosele o Complemento Específico, cód. 680.

q) Reconfiguración do posto Cód. Retrib. 650-"Técnico/a Musica Tradicional", asignándosele o Complemento Específico, cód. 680.

r) Redenominación do posto Cód. retributivo 653-"Tecnico/a Medio Biblioteca EMAO", pasando a denominarse "Técnico/a Medio/a Biblioteca", asignándosele o Complemento Específico, cód. 690.

s) Reconfiguración do posto Cód. retributivo 311-"Xefe/a da Unidade de Técnica Control de Implantación de Servizos na Vía Pública", como susceptible de ser ocupado por funcionarios do Grupo A (subgrupos A1 e A2) de titulación.

As modificacións contidas nos apartados e), f) g) h), i), j), l), p), q) e r) surtirán efectos dende o 01 de xaneiro de 2016, de conformidade cos acordos adoptados.

As modificacións contidas nos apartados a), b), c), d), m), n), o) e, s) surtirán efectos dende o día 01/12/2016.

Terceiro.- Instar a Alcaldía-Presidencia a realización das modificacións de crédito necesarias para dar cumprimento ás modificacións puntual acordada, nos termos do informe de fiscalización previa emitido ao presente expediente, con cargo á partida orzamentaria “Fondo de regularización retributiva”, e segundo o indicado no apartado anterior do presente acordo.

Cuarto.- Notificar o presente acordo ás áreas e/ou servizos afectados, Xefaturas de Área de Concello de Vigo, Titular da Asesoría Xurídica Municipal, Secretaría Xeral e Intervención Xeral Municipal, e Comité de Persoal, para coñecemento e efectos, remitindo igualmente copia aos órganos competentes da Administración xeral do Estado e da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia dentro do prazo de trinta días, debendo publicarse íntegramente no boletín oficial da provincia.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que a dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(1168).- DECLARAR DESERTO O PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE PROMOCIÓN TURÍSTICA DA CIDADE DE VIGO E RÍAS BAIXAS. EXPTE. 6394/104.

Dáse conta do informe-proposta asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, con data 21/11/16, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 21 de novembro de 2016, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

2.- Apertura administrativa

a) Procedemento aberto para a contratación de servizos de promoción turística da Cidade de Vigo e das Rías Baixas (6394-104)

“LEXISLACIÓN APLICABLE

- *Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)*

- *Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)*
- *Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011*
- *Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do procedemento aberto para a contratación dos servizos de promoción turística da Cidade de Vigo e das Rías Baixas (6394-104).*

ANTECEDENTES

Único.- A mesa de contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 21 de novembro de 2016, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

“3.- Apertura administrativa

a) Procedemento aberto para a contratación de servizos de promoción turística da Cidade de Vigo e das Rías Baixas (6394-104)

A secretaria pon en coñecemento da Mesa o certificado expedido polo Rexistro Xeral na data 21 de novembro de 2016 no que se fai constar que durante o prazo concedido para a presentación de proposicións, que rematou o 18 de novembro, non se presentou ningunha.

Á vista do anterior, a Mesa, por unanimidade, acorda:

- *Propoñer á Xunta de Goberno local que declare deserto o procedemento aberto para a contratación de servizos de promoción turística da Cidade de Vigo e das Rías Baixas (6394-104) por non terse presentado ningunha proposición dentro do prazo concedido.*

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Único.- A Mesa de Contratación é competente para propoñer deserta a licitación, ao abeiro do previsto no artigo 22.1g do Real Decreto 817/2009, no que se regulan as funcións das Mesas de Contratación.

Dado que a esta licitación non se presentou ningún licitador, tal e como consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral de data 21 de novembro de 2016, cómpre declarar deserta esta licitación.

Á vista do exposto, proponse a Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional segunda do TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Declarar deserto o procedemento aberto para a contratación de servizos de promoción turística da Cidade de Vigo e das Rías Baixas (6394-104) por non terse presentado ningunha proposición dentro do prazo concedido

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás catroce horas e dez minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

O CONCELEIRO-SECRETARIO
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

Cayetano Rodríguez Escudero.